



Memoria final do departamento de Latín e Grego

IES A Xunqueira II

Pontevedra

Asdo. A xefatura de departamento

D^a. M^a Natividad Ferreiro Vilasó



aniversario
1986 - 2021



Índice

1. Modificacións introducidas durante o curso na programación didáctica feita ao principio de curso e as súas motivacións.....	3
2. Análise dos resultados das avaliacións do alumnado en relación cos cursos anteriores.....	3
3. Propostas para a revisión de.....	7
1. A programación didáctica para o curso seguinte.....	7
2. A concreción curricular.....	7
4. Funcionamento do departamento.....	8
5. Composición do mesmo.....	8
6. Temas máis importantes tratados nas reunións.....	8
1. Setembro.....	8
2. Outubro.....	8
3. Novembro.....	9
4. Decembro.....	9
5. Xaneiro.....	9
6. Febreiro.....	9
7. Marzo.....	9
8. Abril.....	9
9. Maio.....	10
10. Xuño.....	10
7. Informe de actividades complementarias e extraescolares.....	10
8. Valoración do traballo feito para a integración das TIC na práctica docente, fomento da lectura e desenvolvemento das competencias clave.....	11
9. Libros de texto, inclusive EDIXGAL.....	11

1. Modificacións introducidas durante o curso na programación didáctica feita ao principio de curso e as súas motivacións

Seguindo o establecido na Orde do 27 de decembro de 2022, de modificación da Orde do 20 de maio de 2022, pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/2023 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, foi necesario facer una Addenda á programación inicial, realizando a pertinente modificación con respecto á avaliación final na ESO. A devandita Orde atinxe aos cursos de 3º e 4º ESO.

Ao principio do curso se detectaron certas carencias no alumnado de 2º de bacharelato, debido, sobre todo, a que durante o curso anterior houbo no centro tres profesoras de Latín e de Grego (practicamente unha profesora distinta en cada avaliación). Por este motivo, desde o Departamento decidimos centrarnos na tradución dun dos dous autores propostos desde a CIUGA, para poder dedicar mais sesións a profundar e ampliar os coñecementos de gramática e sintaxe. En Latín II centrarémonos en Eutropio e en Grego II en Xenofonte. No resto dos niveis non consideramos preciso facer variacións, xa que as materias “partían de cero”.

Destacar tamén que durante este curso non houbo alumnado con materias pendentes, polo cal non houbo que facer seguimento do mesmo.

Nos cursos de 1º de Bacharelato e 4º ESO, debido á perda dalgúns sesións por distintos motivos (celebración doutras actividades, excursións á neve, a Francia, permiso da profesora por hospitalización dun familiar, enfermidade da profesora, etc.) non se puideron explicar algúns dos contidos marcados, como os tempos de perfecto da voz pasiva en 4º ESO, e o participio e o infinitivo en 1º de Bacharelato.

2. Análise dos resultados das avaliacións do alumnado en relación cos cursos anteriores

As avaliacións ordinaria e extraordinaria de 2º de Bacharelato foron en Maio e Xuño respectivamente. Tanto el Latín II como en Grego II, todo o alumnado acadou os obxectivos en Maio.

En 1º de Bacharelato, na materia de Latín I, a avaliación ordinaria celebrouse a comezos de Xuño, cun 100% de aprobados. Polo que respecta a ESO, tiveron que realizar unha proba escrita para recuperar a

materia 4 alumnos e 3 alumnas en 3º ESO e 2 alumnos e 7 alumnas en 4º ESO. Finalmente non acadaron os obxectivos marcados 3 alumnas en 3º ESO e 1 alumno e 2 alumnas en 4º ESO.

Latín II	Curso 2022/23	Curso 2021/22	Curso 2020/21	Curso 2019/20	Curso 2018/19	Curso 2017/18	Curso 2016/17
Sobresaínte	1	2	1	5	4	4	3
Notable	4	1	4	3	4	4	5
Ben	2	1	1	1	1	1	0
Suficiente	1	1	1	2	5	1	2
Insuficiente	0	0	0	1	1	2	1
Total Alumnado	8	5	15	12	15	12	11
Porcentaxe aptos/aptas	100%	100%	75%	91,66%	93,33%	83,33%	87,5%

Presentouse todo o alumnado matriculado en Latín II á ABAU, obtendo os seguintes resultados: 10, 9.50, 9.50, 9, 7.50, 6.25, 4.50 e 3.75.

Grego II	Curso 2022/23	Curso 2021/22	Curso 2020/21	Curso 2019/20	Curso 2018/19	Curso 2017/18	Curso 2016/17
Sobresaínte	2						
Notable	2						
Ben	1						
Suficiente	0						
Insuficiente	0						
Total Alumnado	5						

Porcentaxe aptos/aptas	100%						
------------------------	------	--	--	--	--	--	--

En Grego II os datos só corresponden a este curso. Presentáronse 4 alumnas a ABAU, obtendo os seguintes resultados: 10, 10, 9.75 e 9.

En liñas xerais o alumnado dos grupos de 2º de bacharelato participou moito nas clases, facendo que o ambiente da clase fose moi agradable, aínda que tamén era demasiado falador, polo cal penso que poderían ter traballado máis.

Latín I	Curso 2022/23	Curso 2021/22	Curso 2020/21	Curso 2019/20	Curso 2018/19	Curso 2017/18	Curso 2016/17
Sobresaínte	0	4	3	1	4	7	8
Notable	1	3	0	5	4	4	2
Ben	3	2	3	2	3	4	0
Suficiente	1	0	0	0	1	1	2
Insuficiente	1	0	0	1	1	3	2
Total Alumnado	6	9	6	9	13	19	14
Porcentaxe aptos/aptas	83,33%	100%	100%	88,88%	92,30%	84,21%	85,71%

O grupo de Latín I foi moi agradable e participou moito nas clases, facendo tamén que o ambiente da clase fose moi ameno. Dentro do grupo había unha alumna especialmente traballadora e interesada na materia. A finais da segunda avaliación incorporouse unha alumna de orixe árabe, que tiña bastantes dificultades co idioma e que desde o primeiro momento abandonou a materia.

Latín 4º ESO	Curso 2022/23	Curso 2021/22	Curso 2020/21	Curso 2019/20	Curso 2018/19	Curso 2017/18	Curso 2016/17



Sobresaínte	3	3	6	0	3	2	8
Notable	7	5	12	2	5	4	10
Ben	6	2	2	6	8	5	0
Suficiente	8	4	2	5	4	3	11
Insuficiente	3	0	0	7	4	8	1
Total Alumnado	27	14	22	20	24	22	30
Porcentaxe aptos/aptas	88,88%	100%	100%	65%	83,33%	63,63%	96,66%

Foi un curso moi heteroxéneo como se amosa nos resultados obtidos. Había alumnado traballador e que participaba nas clases e tamén alumnado vago e moi falador, polo que non era doado levar un bo ritmo nas clases. O alumnado que non superou ás correspondentes avaliacións tivo recuperacións da parte correspondente á cultura ao longo do curso e unha recuperación final, tanto da parte de lingua como da parte de cultura no mes de xuño. Acadou os obxectivos un 88,88%.

Cultura Clásica 3º ESO	Curso 2022/23	Curso 2021/22	Curso 2020/21	Curso 2019/20	Curso 2018/19
Sobresaínte	0	6	5	1	5
Notable	6	12	9	5	14
Ben	5	9	9	2	7
Suficiente	11	11	12	11	2
Insuficiente	3	1	1	9	6
Total Alumnado	25	39	26	28	34
Porcentaxe aptos/aptas	88%	97,45%	96,15%	67,85%	82,35%



Este grupo tamén foi moi heteroxéneo como se amosa nos resultados, contando con alumnado traballador e interesado na materia e tamén con alumnado vago, moi falador e sen interese, polo que neste grupo tampouco foi doado levar un bo ritmo nas clases. O alumnado que non superou as correspondentes avaliacións tivo recuperacións ao longo do curso e unha recuperación final no mes de xuño. Pese a todo, acadou os obxectivos un 88% do alumnado.

3. Propostas para a revisión de

1. A programación didáctica para o curso seguinte

O vindeiro curso debido a aplicación da nova lei de educación LOMLOE hai cambios na programación nas materias de Latín 4º de ESO, Grego II e Latín II de 2º de Bacharelato. Ao igual que as programacións dos cursos impares estas faranse a través da aplicación PROENS.

Nas materias de Latín I de 1º de Bacharelato e Cultura Clásica de 3º ESO, aplicaranse os cambios pertinentes que faga a profesora que exerza como xefa de departamento.

Na materia de Grego I, a programación realizarase tamén por medio da aplicación PROENS, pero neste caso “partindo de cero”, xa que neste curso non se logrou facer grupo para poder impartir a materia, debido ao reducido número de alumnado matriculado na mesma.

2. A concreción curricular

Nos cursos pares (Latín 4º ESO, Latín II e Grego II de 2º de Bacharelato) aplicaranse os cambios propios da nova lei educativa. Os cursos impares (Cultura Clásica 3º ESO e Latín I e Grego I de 1º de Bacharelato) manteranse igual que no curso actual, no cal xa se aplicaron os cambios pertinentes relativos á LOMLOE.

En Latín II e en Grego II manteranse, salvo indicacións contrarias do grupo de traballo, a selección dos temas de Literatura, os autores e textos para a tradución e, no caso de Grego II, tamén das lecturas propostas. Incidirase nos apartados relativos á Lingua Latina e Grega: morfoloxía, sintaxe e léxico (latinismos, topónimos, prefixos latinos e helenismos). Seguiranse en todo momento as instrucións que marque a CIUGA.

4. Funcionamento do departamento

O curso 2022-2023 o departamento foi unipersoal. Os informes redactáronse mensualmente, na hora de xefatura de departamento, os xoves ás 11:20.

5. Composición do mesmo

A xefatura do departamento foi exercida por M^a Natividad Ferreiro Vilasó, que impartiu as materias de Cultura Clásica en 3^o da ESO (1 grupos/3 horas); Latín 4^o ESO (1 grupo/3 horas); Latín I (1 grupo/4 horas); Latín II (1 grupo/4 horas) e Grego II (1 grupo/4 horas). Completou o horario con 2 horas de garda de aula, unha hora de garda de entrada e lecer, unha de titoría e outra de xefatura de departamento.

6. Temas máis importantes tratados nas reunións

Os informes correspondentes ás reunións mensuais atópanse no departamento de Clásicas para a súa consulta. Redactáronse os preceptivos informes mensuais. Na presente memoria recóllese o resumo de todos eles.

1. Setembro

- Datos do comezo do curso 2022-23 sobre a composición do departamento, o número de alumnos matriculados en Latín, Grego e Cultura Clásica, tanto na ESO como no Bacharelato, alumnado coa materia pendente. Datos do reparto horario
- Incidencias
- Programación didáctica do departamento. Difusión da información das programacións entre o alumnado e as familias, especialmente os criterios de cualificación
- Temas tratados nos claustros dos días 1 e 7 de setembro, e na CCP no 2 de setembro

2. Outubro

- Seguimento da programación
- Baixas do alumnado de Grego II
- Temas tratados na CCP do 11 de outubro



3. Novembro

- Seguimento da programación
- Indicacións para as ABAU dos grupos de traballo de Grego e Latín

4. Decembro

- Seguimento da programación
- Análise e valoración dos resultados académicos da primeira avaliación
- Temas tratados na CCP do 13 de decembro
- Incidencias

5. Xaneiro

- Seguimento da programación
- Incidencias
- Proposta de actividades complementarias

6. Febreiro

- Seguimento da programación
- Temas tratados da CCP ordinaria do 31 de xaneiro, e na CCP extraordinaria do 7 de febreiro.

7. Marzo

- Seguimento da programación
- Incidencias
- Análise e valoración dos resultados académicos da segunda avaliación
- Temas tratados na CCP do 28 de febreiro e na CCP do 28 de marzo

8. Abril

- Seguimento da programación

- Temas tratados no claustro do 25 de abril

9. Maio

- Seguimento da programación
- Incidencias
- Análise e valoración dos resultados académicos de 2º de bacharelato da avaliación ordinaria do mes de maio
- Temas tratados na CCP do 9 de maio

10.Xuño

- Cambio na data da reunión do departamento
- Seguimento da programación
- Incidencias
- Análise e valoración dos resultados académicos de 1º de bacharelato e de 3º e 4º ESO ao remate do curso
- Temas tratados no claustro do 30 de maio e no claustro do 29 de xuño

7. Informe de actividades complementarias e extraescolares

As actividades complementarias e extraescolares propostas dende o Departamento de Latín e Grego foron as seguintes:

- Concurso en liña Odisea 2023: Tentouse que o alumnado de 3º ESO de Cultura Clásica participase de forma voluntaria no concurso en liña "Odisea" 2023, pero ningún quixo participar. Trátase dun concurso sobre coñecementos relativos ó mundo clásico en competencia con alumnos doutros centros, aproveitando así as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías, fomentando o uso das TIC, impulsando o hábito de traballar en equipo.
- Festival de teatro grecolatino: Asistimos a unha das sesións celebrada en Ourense co alumnado de 4º ESO e 1º e 2º de Bacharelato, para ver a representación da traxedia grega *Agamenón*, de Esquilo. Deste xeito fomentamos o hábito de lectura e de asistencia ao teatro,

e o alumnado coñeceu a estrutura básica dunha obra de teatro grega, así como a finalidade do teatro grecolatino e os valores que este transmitía. Nesta saída acompañounos a profesora e xefa do Departamento de Relixión Elisa María Casado Baltar.

8. Valoración do traballo feito para a integración das TIC na práctica docente, fomento da lectura e desenvolvemento das competencias clave

Fomentamos a integración das TIC na práctica docente mediante o uso constante da Aula Virtual Moodle, completando as explicacións con vídeos de plataformas como Youtube, e a través das presentacións de traballos na aula, empregando programas como PowerPoint, Canva, etc. En Latín 4º ESO e Latín I o libro de texto ten as dúas versións: en papel e dixital. En Cultura clásica de 3º de ESO empregouse a plataforma EDIXGAL.

Respecto ao fomento da lectura o alumnado de 4º ESO e de 1º e 2º de Bacharelato leu a obra de teatro *Agamenón*, de Esquilo. En 3º ESO e 4ª ESO propuxéronse como lecturas voluntarias novelas de tema clásico, como “Naves negras ante Troya”, “Los viajes de Eneas” o “Los doce trabajos de Hércules”. Por outra banda, en Latín II e Grego II de 2º de Bacharelato léronse tamén fragmentos de distintos autores clásicos.

9. Libros de texto, inclusive EDIXGAL

Desde o Departamento de Latín e Grego propoñemos os libros de texto que figuran na seguinte táboa para o próximo curso escolar (2023/24):

Curso	Materia	Título	Autor/a/es	ISBN	Editorial	Pub.	Gal/Cast	Observacións
3º ESO	Cultura Clásica	Proxecto EDIXGAL (portátil + EVA) nesta materia polo que non é preciso mercar texto algún					Castelán	De balde
4º ESO	Latín	Latín 4º ESO	M. Durán	978-84-218-7719-7	Casals	2023	Castelán	Recomendado (esperar a setembro)
1º BAC.	Grego I	Grego I	J.L. Navarro González, J.L. Rodríguez Jiménez	978-84-698-7310-6	Anaya	2020	Castelán	Recomendado (esperar a setembro)



1º BAC.	Latín I	Latín 1-2	M. Durán	978-84-218-7778-4	Casals	2022	Castelán	Recomendado (esperar a setembro)
2º BAC.	Grego II	Materia sen libro						Esperar a setembro
2º BAC.	Latín II	Latín 1-2	M. Durán	978-84-218-7778-4	Casals	2022	Castelán	Recomendado (esperar a setembro)

